



Mercavedra. 20 de maio de 2009. VILABOA/COTOBADE, páxina 41

VILABOA QUERE DEFENDERSE CONTRA A PROLIFERACIÓN DE ANTENAS DE TELEFONÍA (*)

Estudará unha ordenanza para acabar coa situación de ilegalidade deste aparellos

O Concello de Vilaboa deu os primeiros pasos para controlar a situación que se está a dar pola situación das antenas de telefonía móbil na parroquia de Bértola, e que teñen preocupada a veciñanza, que asocia a súa presenza á aparición de enfermidades de tipo oncolóxico.

REDACCIÓN> VILABOA

■ O derradeiro pleno ordinario do Concello de Vilaboa quería dar resposta aos veciños de Bértola e aprobar a Ordenanza reguladora das condicións urbanísticas para a instalación e funcionamento das infraestruturas radioeléctricas no termo municipal".

Non obstante, a necesidade de traballar e mellorar este texto legal municipal terá que agardar, porque o grupo de Goberno quere estudalo en profundidade e recabar opinión como as da Asociación pola Defensa da Ría. Unha vez concluída a ordenanza, esta converterase na primeira arma legal para frear a proliferación de antenas de telefonía.

O pleno tamén serviu para que a voceira do BNG de Vilaboa, Ornela Fernández Salgado, demandar a mellora do vial que baixa dende o lugar de Outeiro-Casa Novava a Outeiro do Gato, na parroquia de Vilaboa.

Os veciños láianse do mal estado da pista xa que ten as cunetas atuídas pola maleza e o escombros, o que obriga a que as pluvias descendan pola calzada os días de choiva, contribuíndo ao deterioro constante do firme ademais do gran inconveniente para os que transitan por ela.

Na moción, Fernández Salgado solicita ao goberno municipal un adecentamento do vía así como a recuperación das cunetas. Este vial é un exemplo máis do calamitoso estado de moitos dos viais municipais do concello, segundo denuncia o BNG.

"O goberno municipal, ante a catastrófica situación deste e outros viais) debe acometer un programa de actuación a medio prazo no que, primeiro se lle dea prioridade aos Viais que necesitan unha urxente reparación xa que en moitos casos son case intransitables, e segundo

que o goberno municipal sexa rigoroso con todas aquelas actuacións que se levan a . neles, como obras de acometi65 de saneamento, abastecemento de auga, realización de muros que implican un deterioro dos viais e que ao finalizar as obras non se arranxan", dixo o BNG.



(*) **Nota da APDR:** a proposta de normativa proteccionista va dirixida a **reducir a exposición da poboación de Vilaboa á contaminación electromagnética**, provocada polas antenas base de telefonía; non na liña de reducir ou non o seu número.